



Funda de coche. Long Bach, California. // Robert Frank

A ironía de Silva Carvalho

Outras O autor portugués conságralle o seu novo poemario a un coche

O amante japonês é un poemario dedicado a un automóbil: «Estes versos são escritos com a gasolina dos deuses/ Que te dão alento». A ironía de quen, lonxe de pretender unha louvanza futurista propia de hai cen anos, fala poeticamente dun obxecto que moitos consideran unha marca de personalidade, mesmo unha calidade do carácter. Somos o que comemos, díxose metabolicamente un día, e di na actualidade o

“home de éxito” que el é aquilo que conduce. Conducir, gobernar unha máquina de precisión ultramoderna, é un privilexio reservado para os auténticos comandantes da sociedade. Conducen o futuro nas estradas do presente, mentres as necesidades do pasado, demoradas, permanecen nas marxes da vía rápida.

O *amante japonês* é a obra dedicada a un viaxeiro que veu do Oriente para ofrecer os seus servizos a través de neumáticos, volante, parabrisas e

asentos confortábeis, a personificación dun obxecto en que tanta humanidade transportamos ao cabo do ano. Se as casas recibiron o recoñecemento de seren o ventre que nos alberga adultos, os coches de hoxe non merecen menos. Non obstante, hai implícita a forte ironía que en Armando Silva Carvalho sempre pinga, e que resalta no feito de que o autor lle dedique ao automóbil un libro enteiro. Non un poema, ou dous, nunha serie de louvanzas a máquinas do-

mésticas. É o xogo hiperbólico o que nos é presentado como brillo dunha ironía abafante, en que xa o obxecto amado e o autor amante sosteñen unha relación amorosa (“Abandonote todas as noites/ Troco-te pelos outros”; “Há muito que não sei levar-te ao mundo. Pareço aquele amante/ Que não quer exibir uma conquista gasta”) que implica unha reflexión sobre a deshumanización. Non é isto, baixo a forma aparente dun banal atrevemento, unha transgresión vio-

lenta da tradición amorosa en poesía (“Beijo-te a boca larga, de joelhos,/ E sinto nos meus olhos/ a química do carburante fogoso”)? Non fala a inversión deste tópico da deshumanización da sociedade mediante a humanización da máquina (“Que luzes menores nesse teu rosto tão baixo/ E cabisbaixo”)? Non somos máis capaces de prescindir egocentricamente do amor ás persoas cando dispomos dun obxecto que non nos esixe coherencia emotiva? Porén, non pensen que o poemario enterra os ollos no individualismo, pois a sociedade, en contrapunto, é homenaxeada nos múltiples logros dos homes de talento a quen son dedicados textos: Camilo Pessanha, Herberto Helder, Novalis, William Blake, Luiz Pacheco, Carlos de Oliveira, Manuel de Freitas.

Armando Silva Carvalho publicou o seu primeiro libro de poemas en 1965 baixo o título *A Lírica Consumível* (Porto Editora), en que utilizaba xa a ironía para rexeitar a efusión sentimental, a idealización excesiva da realidade e as vaidades do poeta como individuo sensíbelmente privilegiado. É un poeta que desde os anos 60 combate a desubstancialización do verso libre mediante un prosaísmo renovado, caracterizado por recursos como unha sintaxe elíptica, os xogos de palabras, as aliteracións e o carácter burlesco da tradición de escarnio e maldizer, todo isto transido pola actitude máis liberadora e lúdica do surrealismo. // **Alfredo Ferreiro**

O amante japonês

Armando

Silva Carvalho

Assírio & Alvim, 2008

112 pág · 13 euros

